

## **REGULAMENTO SOBRE O EXERCICIO DO DEREITO Á IDENTIDADE DE XÉNERO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**Aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de setembro de 2017**

**Modificado polo Consello de Goberno na súa sesión do 30 de setembro de 2021**

### **PREÁMBULO**

O artigo 5 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de tratamento e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia dispón que co fin de garantir a plena igualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, os poderes públicos poderán adoptar medidas específicas en favor das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais «destinadas a previr ou a compensar as desvantaxes que lles afectaren».

Entre as medidas que a UDC pode adoptar para garantir o dereito á intimidade e o respecto á identidade de xénero das persoas que integran a comunidade universitaria encóntrase a garantía do dereito de todas as persoas de accederen aos servizos e á Administración universitaria de acordo coa súa identidade de xénero manifestada, o dereito a obter as acreditacións acordas coa identidade de xénero manifestada cando estas sexan precisas para acceder aos servizos universitarios, ao uso libre do nome elixido distinto do rexistral para todas as actuacións da UDC, á garantía da confidencialidade de todos os datos relativos á identidade de xénero e a que, igualmente, o exercicio deses dereitos non estea condicionado a diagnóstico, exame, intervención ou tratamento médico ningún.

### **Artigo 1**

Todas as persoas que integran a comunidade universitaria teñen dereito a elixir e manifestar a súa identidade de xénero, de conformidade co que establece este regulamento.

### **Artigo 2**

Nas súas relacións coa Universidade da Coruña, todas as persoas teñen dereito a acceder aos servizos e actividades universitarias de acordo coa identidade de xénero manifestada e co nome distinto do rexistral que, en correspondencia, indicaren.

Este dereito exercerase por medio dunha comunicación persoal dirixida á Secretaría Xeral da UDC, sen necesidade de diagnóstico, exame, intervención ou tratamento de ningunha clase.

Con independencia de que nas bases de datos da UDC se manteñan os datos de identidade rexistrais, en toda comunicación persoal ou publicación que a Universidade realice figurará o nome elixido e/ou, de ser o caso, o número do seu documento de identidade.

A Universidade da Coruña garante a confidencialidade dos datos relativos á identidade de xénero das persoas integrantes da comunidade universitaria.



### **Artigo 3**

No caso de servizos ou instalacións diferenciadas por sexo, as persoas que exercesen o dereito regulado no artigo anterior accederán aos que se correspondan coa identidade de xénero manifestada, incluídos os aseos e vestiarios.

### **Artigo 4**

A UDC facilitaralles a todas as persoas que así o soliciten acreditacións ou certificacións de identidade acordes co nome elixido de conformidade co previsto neste regulamento.

### **Artigo 5**

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI) elaborará os protocolos e actividades formativas precisos para a efectividade dos dereitos recoñecidos neste regulamento.

### **Disposición final única**

Este regulamento entrará en vigor o día a seguir da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.